



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CONXUNTAS EN PROL DAS PERSOAS CON DEMENCIA, ASÍ COMO DO SEU ENTORNO FAMILIAR E CONVIVENCIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Lugo (AFALU) subscribiron o 26/2/20 un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e AFALU para o desenvolvemento de accións conxuntas en prol das persoas con demencia, así como do seu entorno familiar e convivencial.

Para tal efecto, realizaranse actividades e proxectos de colaboración en asuntos que resulten de interese na área sanitaria de Lugo para as institucións que representan, entre os cales enunciados, pero non limitados, menciónanse os seguintes:

- a. Posta en marcha de campañas de formación comunitaria dirixidas ao diagnóstico precoz.
- b. Programación de actividades psicoeducativas para coidadores non formais (entorno familiar e convivencial) de persoas con demencia.
- c. Participación en obradoiros e conferencias de natureza divulgativa.
- d. Difusión de información de interese común a través dos soportes de comunicación dos que dispoñen as partes asinantes nos centros dependentes da área sanitaria de Lugo.
- e. Cesión puntual de espazos para o desenvolvemento de proxectos piloto de atención ás persoas con demencia e o seu entorno familiar e convivencial nos centros dependentes da área sanitaria de Lugo.
- f. Intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos de interese común.

Este convenio de colaboración non establece obrigas ou compromisos de carácter económico entre as partes asinantes e, en consecuencia, non precisa consignación orzamentaria.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.

